

APÉNDICE

MEMORIA DE ACTIVIDADES DE COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS DO ANO 2021

CONSULTAS EFECTUADAS Á DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 - Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 497
emerxencias.interior@xunta.gal

Consonte co acordado na reunión da Comisión de Coordinación de Policía Locais que tivo lugar o 1 de xuño de 2022, incorpórase á memoria das actividades de coordinación das policía locais do exercicio 2021 este apéndice coas consultas recibidas nese ano na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior así como as contestacións efectuadas. Así mesmo, actualízase o número total de consultas resultando un total de quince, das cales doce foron efectuadas por concellos e tres por persoal dos corpos das policía locais.

1. Informe sobre sobre reserva de postos de traballo

CONSULTA:

Se consulta sobre a procedencia do dereito a reserva do posto de traballo derivado dunha xubilación por incapacidade permanente.

RESPOSTA:

Infómase que para o suposto sometido á consulta deberase ter en conta o disposto no artigo 67.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público e no artigo 69.1 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia.

2. Informe sobre permutas de postos de policía local

CONSULTA:

Se consulta sobre a normativa aplicable ás permutas de postos de policía local e da súa comunicación a este centro directivo.

RESPOSTA:

Se informa que a permuta de destinos entre membros de distintos Corpos de Policía Local está prevista e regulada no artigo 44 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais, onde constan os requisitos que se teñen que cumprir. A normativa xeral en materia de función pública aplicaríase de xeito supletorio. A comunicación á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, para os efectos de coordinación e inclusión no Rexistro de policía locais de Galicia

efectuarase logo da resolución de concesión das respectivas alcaldías e posterior toma de posesión no novo destino por permuta.

3. Informe en relación ao recurso de reposición interposto fronte á convocatoria dun concello para a provisión dunha praza de policía local.

CONSULTA:

Se consulta sobre un recurso fronte a convocatoria para a provisión dunha praza de policía local pola quenda de mobilidade horizontal, no que se cuestiona o requisito de faltarlle, como mínimo, 12 anos para o pase previsto a situación de segunda actividade por idade.

RESPOSTA:

Infórmase da anulación por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do artigo 35 e) do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais, polo que deberá procederse á modificación da correspondente convocatoria.

4. Informe sobre o procedemento de selección por promoción interna á categoría de inspector

CONSULTA:

Se consulta sobre si é posible aplicar directamente o apartado c) do artigo 38 da Lei 4/2007 de Coordinación de Policías Locais de Galicia e levar a cabo unha promoción interna entre persoal do corpo coa categoría de oficial e policía, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de seis anos de servizo como persoal funcionario de policía.

RESPOSTA:

Infórmase que non se considera posible aplicar directamente o apartado c) do artigo 38 pois o dito artigo establece unha prelación entre os diferentes sistemas de acceso que recolle. Neste sentido, de non ser posible acudir ao sistema de promoción interna previsto no apartado a) por non existir persoal da categoría de oficial coa antigüidade requirida, procedería utilizar o sistema previsto no apartado

b) e así sucesivamente. Unicamente podería aplicarse o apartado c) no caso de que non se cubrira a praza polo sistema de concurso entre persoal funcionario doutros corpos da policía local da Comunidade Autónoma previsto na letra anterior.

5. Informe sobre o procedemento selectivo para a cobertura de prazas de Oficial da Policía Local

CONSULTA:

Se consulta sobre si no caso de que algún dos candidatos nomeados funcionarios en prácticas renunciase cando está realizando o curso selectivo na Academia Galega de Seguridade Pública é posible acudir á lista de reserva e nomear a outro funcionario en prácticas

RESPOSTA:

Infórmase que de producirse unha renuncia unha vez iniciado o curso de formación, este centro directivo considera que non se podería acudir á lista de reserva porque así o establecen claramente tanto as bases do proceso como o artigo 13.3 do Decreto 243/2008, ao fixar como requisito para acudir á lista de reserva que a renuncia se produza sempre con anterioridade ao desenvolvemento do curso correspondente.

6. Informe sobre o cómputo do período de prácticas na promoción interna

CONSULTA:

Se formula consulta sobre si o período de prácticas computa aos efectos da antigüidade requirida para o acceso por promoción interna á categoría de oficial.

RESPOSTA:

Infórmase do contido do apartado 3 do artigo 33 da Ley 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais, engadido pola Ley 18/2021, de 27 de diciembre, de medidas fiscais e administrativas, cuxos termos dan resposta á cuestión formulada ao establecer que para o acceso mediante promoción interna se terán en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria tivese a consideración de persoal funcionario en prácticas.

7. Informe sobre o nomeamento de instrutor dun procedemento disciplinario

CONSULTA:

Formulouse consulta sobre si un instrutor dun procedemento disciplinario iniciado a un funcionario integrante do Corpo de policía local pode ser calquera funcionario enon necesariamente integrante do Corpo da policía local.

RESPOSTA:

Tendo en conta o establecido nos artigos 20 e 52 da Lei Orgánica 4/2010, do 20 de maio, e no artigo 120 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, o nomeamento de instrutor nun expediente disciplinario a un membro da Policía local, recaerá nun funcionario do Corpo da Policía Local do concello que deberá ter, en todo caso, igual ou superior categoría á do funcionario sometido ao expediente e, no caso de que fose igual, deberá ocupar un número anterior no escalafón. En defecto de funcionario/a de escala ou categoría Igual ou superior, nomearase un funcionario/a da Administración local, de superior ou igual grupo de clasificación.

8. Informe sobre titulacións específicas para a promoción dentro dos corpos de policía local

CONSULTA

Solicítase informe sobre a procedencia de requirir titulacións específicas para a promoción dentro dos corpos de policía local.

RESPOSTA:

Se informa de que os criterios da selección, promoción, e polo tanto, as titulacións esixibles, están fixados con criterios racionais de obxectividade nas normas que constituen o marco regulatorio (Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a citada Lei 4/2007, do 20 de abril, e a Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía local), sen que caiba establecer ningún criterio de apreciación discrecional nesta materia.

9. Informe sobre valoración de méritos

CONSULTA:

Formúlase consulta sobre a puntuación dos méritos alegados na fase de concurso do procedemento do concurso-oposición para la cobertura de varias prazas de Inspector do corpo de Policía Local dun concello

RESPOSTA:

De conformidade co apartado A.1. do anexo II da Orden de 30 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios y baremos de méritos para o ingreso, promoción interna y mobilidade nos corpos de policía locais, non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría a que se aspira excepto que se posúa máis dunha, polo que no suposto de ter unha única titulación non será obxecto de valoración. Respecto da valoración da lingua galega, só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten, de acordo co apartado A.6. do anexo II de la citada Orde.

10. Informe sobre sobre nomeamento xefe de policía local**CONSULTA:**

Formúlase consulta sobre a necesidade de ditarse resolución expresa de nomeamento de xefe de policía local a favor do inspector de policía, a quen xa lle corresponderían as funcións por razón do posto de máxima categoría.

RESPOSTA:

Infórmase que estando xa recollida na relación de posto de traballo dese Concello, no seu caso, as funcións de xefe do corpo para a máxima categoría, coas condicións retributivas que lle corresponden ao posto, non se requiriría de maneira explícita o nomeamento dun xefe do corpo de policía local, ao corresponder as súas funcións á persoa da máxima categoría dentro do corpo, que xa está nomeada pola alcaldía. Noutro caso, debería crearse unha praza específica para o cargo de xefatura do corpo, e prover a súa cobertura de acordo co artigo 27 da Lei.

11. Informe sobre o nomeamento de xefe da policía local

CONSULTA:

Solicítase informe respecto do procedemento de nomeamento do xefe da policía local, así como sobre a decisión de nomeamento dun oficial da policía local como xefe accidental da Policía Local, ata a cobertura do posto de Inspector Xefe da Policía Local.

RESPOSTA:

Infórmase que dado que o posto de inspector da policía local do concello ten como forma de provisión na relación de postos de traballo a de concurso, o dito posto debería cubrirse polos procedementos sinalados no artigo 38 da Lei 4/2007, de 20 de abril. Con independencia do anterior, o concello dentro das súas potestades de autoorganización e ao abeiro do establecido no artigo 27 da citada Lei 4/2007, de 20 de abril, podería crear un novo posto de xefatura do corpo de Policía Local con forma de provisión de libre designación, coa categoría de inspector.

En canto ao nomeamento dun oficial como xefe accidental, infórmase que o artigo 27.4 da Lei 4/2007, de 20 de abril, establece que nos nomeamentos temporais atenderase aos criterios de mérito e capacidade, se ben sinalase que segundo o Tribunal Constitucional é diferente o rigor e intensidade con que operan os principios de mérito e capacidade segundo se trate do inicial ingreso na función pública ou do ulterior desenvolvemento ou promoción da propia carreira administrativa, pois no suposto de provisión de postos de traballo entre persoas que xa accederon á función pública e, polo tanto, acreditado os requisitos de mérito e capacidade, cabe ter en conta outros criterios distintos endereitados a lograr unha maior eficacia na organización e prestación dos servizos públicos ou a satisfacer outros bens constitucionalmente protexidos.

12. Informe sobre dispositivos tipo defensa eléctrica ou armas de electrochoques**CONSULTA:**

Se pregunta sobre o uso por parte dos corpos de Policía Local de dispositivos tipo defensa eléctrica ou armas de electrochoque, como as da marca TASER e a posibilidade de que poidan ser empregadas por persoal auxiliar de policía.

RESPOSTA:

A posibilidade de utilización deste tipo de dispositivos está prevista expresamente na normativa de coordinación de policía local, quedando á consideración do concello a decisión sobre o seu uso como medio de dotación colectiva.

Polo que respecta ás condicións e requisitos establecidos para a súa portabilidade e emprego, indícase que será a persoa titular da alcaldía ou o/a concelleiro/a no/a que delegue quen teña que determinalas axustándose aos principios de actuación establecidos Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, considerándose que o inmovilizador eléctrico unicamente poderá ser asignado a persoal funcionario da policía local que teña realizado e superado a formación para a súa tenencia, uso e manexo, lembrando que a Academia Galega de Seguridade convoca cursos de habilitación no uso destes dispositivos.

Respecto a si o persoal auxiliar da policía local pode empregar estas armas, infórmase da prohibición do uso de calquera tipo de arma por parte dos auxiliares de policía, tal como se recolle no artigo 11.6 da Lei 4/2007 de 20 de abril, de coordinación de policía locais.

13. Consulta sobre a adquisición de vehículos para uso da policía local**CONSULTA:**

Se consulta sobre a posibilidade de pedir á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior un novo vehículo para o uso da Policía Local, co fin de mellorar os labores de patrulla e responder aos incidentes que poidan producirse.

RESPOSTA:

Infórmase da liña de subvención convocada pola Dirección Xeral de Administración Local para a adquisición de vehículos para os corpos de Policía Local.

14. Informe sobre a estabilización de emprego de auxiliares de policía**CONSULTA:**

Se consulta sobre a posibilidade de incluír o posto do auxiliar de policía local que ven asinando contratos como laboral temporal por obra ou servizo determinado desde hai anos, na oferta de emprego público de estabilización.

RESPOSTA:

Se informa de que a Lei 4/2007, de 29 de abril, de coordinación de policía locais, non contempla a figura dos auxiliares de Policía dentro das escalas e categorías dos Corpos de Policía Local, e só prevé os auxiliares de policía, con carácter temporal e excepcional nos casos recollidos no artigo 95 da citada Lei, polo que este centro directivo entende que non é posible consolidar unha situación que non se axusta ao disposto na normativa de coordinación en materia de policía locais.

15. Informe sobre o nomeamento de auxiliares de policía como funcionarios interinos

CONSULTA:

Formúlase consulta sobre a posibilidade de nomeamento dos auxiliares de policía como funcionarios interinos por acumulación de tarefas

RESPOSTA:

Conforme á normativa de coordinación das policía locais, non é posible o nomeamento dun auxiliar de policía local como funcionario interino (artigos 5.5 e 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, e artigo 47.1 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007).

Nota: debe sinalarse que as respostas poden verse afectadas por modificacións lexislativas posteriores ou por resolucións xudiciais.